



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Outubro 2021


Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2021

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Outubro 2021

- O Índice de producción industrial (IPI), en outubro de 2021, rexistrou en Galicia un retroceso do 0,8% con respecto a outubro de 2020, e a nivel nacional rexistrouse unha baixada do 3,3%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 18,3%; os bens de equipo decreceron un 17,2% e os bens intermedios caeron un 0,3%. Pola súa parte a enerxía retrocedeu un 3,7%
- Por ramas de actividade as achegas negativas mais destacables corresponden á “fabricación de vehículos de motor” que resta 3,8 puntos, a “producción de enerxía eléctrica” que minora 2,7 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria” que detrae 1,1 puntos á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións positivas destacan as seguintes ramas: a “confección de roupa de vestir”, que achega 2,7 puntos, a “fabricación de bebidas”, que engade 1,2 puntos e a “industria da madeira e da cortiza” que agrega 1,0 puntos á taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Outubro 2021



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de outubro de 2021 rexistrou en Galicia un descenso do 0,8% en taxa interanual, mellorando en 3,8 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-4,7%). En España rexistrouse un descenso do 3,3%, taxa 4,3 puntos inferior á acadada no mes anterior (0,9%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 18,3%, o que engade 4,8 puntos.
- Os **bens de equipo** retroceden un 17,2%, o que minora 5,0 puntos.
- Os **bens intermedios** baixan un 0,3%, cunha repercusión negativa de -0,1 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 3,7% restando 0,6 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de setembro de 2021, por destino económico, os bens de consumo melloran 16,6 puntos, os bens de equipo empeoran 0,4 puntos, os bens intermedios melloran 0,3 puntos e a enerxía empeora 2,5 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan maiores achegas negativas á taxa interanual foron: a “fabricación de vehículos de motor” que resta 3,8 puntos, a “produción de enerxía eléctrica” que minora 2,7 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria” que detrae 1,1 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas destacan as seguintes ramas: a “confección de roupa de vestir”, que achega 2,7 puntos, a “fabricación de bebidas”, que engade 1,2 puntos e a “industria da madeira e da cortiza” que agrega 1,0 puntos á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de outubro moveuse entre o -15,8% de Castilla y León e o 22,5% de Illes Balears.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Asturias (6,3%), Andalucía (1,8%), Canarias (1,3%), País Vasco (1,0%), Castilla - La Mancha (0,0%), Navarra (-0,1%), Extremadura (-0,6%) e Galicia (-0,8%).

#### IPI Outubro 2021 Taxas de variación en %



### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Outubro 2021**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	108,1	-0,8	10,2	--	--
Bens de consumo	148,7	18,3	22,3	4,8	5,7
Bens de equipo	101,6	-17,2	1,8	-5,0	0,5
Bens intermedios	122,9	-0,3	9,0	-0,1	2,6
Enerxía	65,2	-3,7	7,0	-0,6	1,4
<b>España</b>					
Xeral	103,9	-3,3	7,6	--	--
Bens de consumo	107,7	2,1	6,8	0,5	1,8
Bens de equipo	102,4	-11,7	8,1	-2,8	1,8
Bens intermedios	110,5	-3,5	11,7	-1,1	3,6
Enerxía	91,9	0,4	2,0	0,1	0,4

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Outubro 2021**

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>-0,8</b>		<b>10,2</b>		
Confección de roupa de vestir	39,5	2,7	53,1	2,4	4,1
Fabricación de bebidas	46,9	1,2	39,6	1,3	3,5
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	20,5	1,0	35,1	1,5	3,6
Fabricación de mobles	80,7	0,9	65,9	0,8	1,1
Outras industrias extractivas	55,5	0,6	40,0	0,5	1,1
Outras industrias manufactureiras	48,3	0,3	56,9	0,3	0,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	6,0	0,2	4,7	0,1	2,0
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	3,7	0,1	17,0	0,5	2,6
Industria do papel	4,5	0,1	6,6	0,2	2,2
Industria da alimentación	0,4	0,1	6,5	1,1	13,2
Industria química	2,6	0,0	-8,7	-0,2	1,5
Industria téxtil	6,3	0,0	15,3	0,1	0,6
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-9,0	-0,3	11,1	0,3	2,5
Fabricación doutro material de transporte	-29,7	-0,4	-19,0	-0,3	2,0
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-5,0	-0,4	3,5	0,3	7,7
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-11,3	-0,5	6,2	0,3	5,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-36,0	-0,6	-12,4	-0,2	1,4
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-29,5	-1,1	-13,4	-0,5	4,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-20,8	-2,7	4,7	0,8	22,3
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-22,5	-3,8	2,1	0,3	13,1
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(\*) Pocas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Outubro 2021**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>103,9</b>	<b>-3,3</b>	<b>7,6</b>
Galicia	108,1	-0,8	10,2
Andalucía	98,1	1,8	3,9
Aragón	101,3	-11,7	3,9
Asturias	104,6	6,3	15,9
Baleares (Illes)	89,2	22,5	11,3
Canarias	93,0	1,3	2,5
Cantabria	111,0	-3,4	12,7
Castilla - La Mancha	108,5	0,0	5,1
Castilla y León	87,8	-15,8	7,0
Cataluña	105,1	-3,7	9,2
Comunitat Valenciana	106,4	-6,3	8,3
Extremadura	108,3	-0,6	10,7
Madrid	105,6	-4,3	5,1
Murcia	107,4	-3,6	0,7
Navarra	114,2	-0,1	11,3
País Vasco	107,5	1,0	9,8
Rioja (La)	87,9	-6,8	7,4

Fonte: INE